

Persoal

EXPEDIENTE.- 2021/G003/001401

PROCEDIMIENTO.- Tramitación de Decretos

Asunto: DECRETO NOMEAMENTO XEFATURA AREA DE OBRAS E SERVIZOS

Na Casa Consistorial do concello de Arteixo, o Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, ante min, Secretario Xeral, D. José María Vázquez Pita ditou a seguinte

RESOLUCIÓN

En base ás competencias do art. 21.1 da Lei 11/99 de modificación da Lei 7/85, Reguladora das Bases de Réxime Local e, de conformidade ao establecido polo Real Decreto Lei 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 7/2007 de 13 de abril do Estatuto do Empregado Público, a Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, RD 364/1995, de 10 e marzo e demais concordantes e,

Visto o contido da Acta de data 26 de marzo de 2021 da Comisión avaliadora designada por Decreto nº 566/221 de 8 de marzo de 2021, no proceso de provisión definitiva por concurso do posto de Xefatura de Obras e Servizos , e

Visto o contido da Acta de data 30 de abril de 2021 do mesmo órgano colexiado polo que se resolven alegacións presentadas, sen afectación do resultado final do proceso selectivo, reiterando a Comisión avaliadora proposta de nomeamento a favor de D^a Dolores Otero Fernández, elevando a mesma á Alcaldía Presidencia , e

De conformidade ao establecido nas bases e convocatoria reguladoras do concurso, aprobadas por Decreto nº 566/221 de data 8 de marzo de 2021, BOP nº 200 de 24 de novembro de 2020, DOGA nº 5 de 11 de xaneiro de 2021 e BOE nº 21 de 25 de xaneiro de 2021 . Por todo o exposto:

RESOLVO

PRIMEIRO: Proceder ao nomeamento de D^a Dolores Otero Fernández, con DNI 32.753.532-Z como Xefa de Area de Obras e Servizos do Concello de Arteixo, debendo a funcionaria cesar no seu actual posto de traballo na Xunta de Galicia no prazo máximo de 3 días hábiles a contar dende o seguinte o da publicidade da presente e, debendo tomar posesión nesta Administración no prazo máximo de 3 días dende o seu cese na Administración anterior

SEGUNDO: Ordear ao Dpto. de persoal procedan segundo os trámites oportunos estimando a efectiva toma de posesión e alta nesta Administración Local o vindeiro 20 de maio 2021

TERCEIRO: Proceder á notificación da presente a D^a Dolores Otero Fernández, xunto coa copia da Acta da comisión avaliadora de data 30 de abril 2021 de resolución das alegacións presentadas

CUARTO: Dar traslado á representación sindical a efectos informativos

En Arteixo, asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente, D. Carlos Calvelo Martínez, do que eu, D. José María Vázquez Pita, como Secretario Xeral, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).